

KESSARYS



“Conseguimos que nos identifiquen no mercado da xoiería co noso propio estilo a través dos nosos deseños”

Jorge Orosa Valella

Datos básicos

Actividade:	Deseño e fabricación artesanal de xoiería
Sector de actividade	Produtos e alimentos artesanais
Nº empregados	3
Inversión inicial	90.150 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial de 90.150 € foi financiada a través das seguintes vías: 40% aportacións persoais dos socios. 50% crédito bancario. 10% subvencións (3.000 € do programa Emega da Consellería de Familia, Muller e Xuventude e 6.000 € por emprego autónomo).
Web:	
Municipio:	Burela, Lugo
Ano creación:	1997

Descrición do proxecto

Deseño e fábrica artesanal de xoiería.



Datos empresa

Claves do éxito


1. Estar formados e ofrecer aos nosos clientes seriedade no trato. Distinguímonos das xoierías porque nós non nos dedicamos á venda e amaños, senón que tamén deseñamos e fabricamos xoias.
2. Atención ao cliente exquisita.
3. Localización xeográfica en Burela, centro neurálxico da Mariña lucense.
4. Moi importante para nós é estar en contacto coa xente da aldea e coñecelos, por este motivo patrocinamos eventos deportivos, realizamos desfiles, etc.
5. Traballar con moita profesionalidade e humildade nunha aldea pequena, a xoiería ten un impacto social importante. Nos evitamos proxectar unha imaxe de ostentación porque cremos que esa imaxe disuade aos potenciais clientes de entrar na nosa tenda. Algo tan simple como que as empregadas que atenden aos clientes no mostrador leven unha bata branca co seu nome, axúdanos a gañar unha imaxe de profesionalidade e seriedade e a facernos coa confianza dos nosos clientes. Mesmo nos axudou a captar novos clientes, posto que a bata branca induce a intuír a existencia dun taller.

Situación actual

Na actualidade conseguimos que nos identifiquen no mercado da xoiería co noso propio estilo a través dos nosos deseños.

Perfil cliente

O cliente da tenda acostuma ser xente de Burela e bisbarra. Temos bastante clientela xoven aínda que tamén acoden persoas maiores que demandan sobre todo amaños das súas xoias. En definitiva, clientes de todas as idades.



Idea inicial

No ano 1991, cando comezamos os nosos estudos de xoiería, xa tiñamos pensado crear a nosa empresa. Ao finalizar os estudos retomamos a idea con máis ilusión e dunha maneira xa definitiva.

Coñecémonos cando veraneábamos coas nosas respectivas familias en Viveiro e ao compartir estudos e cobizas decidimos crear Kessarys.

Fixemos un estudio de mercado e decidimos que a zona xeográfica máis axeitada da Mariña para crear un taller de xoiería era Burela.

Este proceso de estudar a zona, buscar un local e realizar as xestións necesarias do proceso de apertura durou aproximadamente un ano e medio.

Principales dificultades y amenazas futuras

- Unha das dificultades ten relación coa política de vendas de moitas casas comerciais, que polo xeral esixen condicións moi estrictas para ofrecer os seus produtos (en canto a nivel de facturación, número de habitantes, segundas marcas, etc.)

-

Os primeiros contactos cós fornecedores foros moi duros, ata que gañamos a súa confianza.

- Dificultades económicas para conseguir o investimento inicial.

- Falta de persoal cualificado para traballar con nós. Nun principio, contábamos tan só con dúas persoas e non podíamos atender a demanda da nosa clientela en momentos puntuais do ano.

En canto ás ameazas futuras, preocupámonos a competencia local e o crecente intrusismo no sector.

Perfil promotores

O promotor Jorge Orosa é xemólogo, deseñador, taxador, reloxeiro e xoieiro.

A empresa conta con outro socio máis.

Aos vinteseis anos crean a súa empresa de deseño, fábrica artesanal e venda de xoiería.

Aptitudes necesarias

Sobre todo, no noso tipo de negocio, a seriedade, a formalidade e a capacidade para crear unha imaxe de profesionalidade.



Guía de Actividad

Artesanía : Xoiería (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si, realicei cursos sobre xestión de empresas e constantemente eu e máis o meu socio seguimos cursos de formación en relojería, xoiería e dirección de empresas para manernos reciclados.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Sen lugar a dúbida. Considéroo necesario posto que ás veces un grande esforzo para desenvolver un proxecto empresarial e os recursos necesarios non serven de nada se están mal xestionados.

Anecdotario

Como comentaba antes, nunha aldea pequena, a xoiería ten un impacto social importante e existen formas e actitudes que poden repercutir negativamente sobre o negocio. Un exemplo sería a decoración. Nós tivemos que suprimir unha fachada de deseño porque supuña un elemento disuasorio para que a xente entrase na tenda (se cadra pensaban que só vendíamos artigos con prezos moi elevados cando non é certo, é dicir, vendemos desde aneles de prata artesanais de 6 € ate aneles de ouro de 6.00 €)

